

TEMPO DE NADAL 2025-2026

O Concello de Outes, a través do CIM (Centro de Información ás Mulleres) ofrécelles ás familias con menores de idades comprendidas entre os 3 anos (escolarizados) e os 12 anos, o servizo de conciliación “Tempo de Nadal” 2025-2026, que forma parte do programa “Outes Concilia”. Desenvolverase os **días 22, 23, 24, 26, 29, 30 e 31 de decembro e 2, 5 e 7 de xaneiro, en horario de 8:00 a 16:00 horas**, no edificio autónomo do CEIP Plurilingüe de Outes.

A inscrición permanecerá aberta desde o **26 de novembro ata o 10 de decembro**. As prazas son limitadas.

As solicitudes poden **presentarse de xeito telemático**, a través da sede electrónica do Concello de Outes (<https://outes.sedelectronica.gal>), **ou** de xeito **presencial** no Rexistro do Concello en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres.

Entenderanse presentadas no rexistro onde figure cuberto o modelo de inscrición normalizado. **Deberán presentarse de xeito individual, unha solicitude de inscrición por cada menor ao que se lle asignará un número de rexistro**. No caso de máis dunha solicitude nun único rexistro, este só será válido para a inscrición do primeiro menor.

Xunto coa solicitude de inscrición, débese achegar o consentimento para o tratamento de datos persoais CIM, servizos do programa “Outes Concilia”, ambas debidamente cubertas e firmadas xunto coa documentación complementaria.

Documentación complementaria que se debe achegar, sempre que non estea en poder do Concello de Outes, se xa consta, comunique o expediente no que figura:

Copia do DNI das persoas responsables da/o menor

Fotocopia do libro de familia.

Fotocopia da tarxeta sanitaria da/o menor.

Declaración acreditativa dos criterios para a adxudicación das prazas: informe social, acreditación de familia monoparental, familia numerosa, vítima de violencia de xénero; certificación de empresa ou da institución correspondente, así como outra documentación que xustifique ditos criterios.

Documentación relacionada cos datos de saúde da/o menor, de ser o caso.

O persoal técnico responsable do servizo poderá requirir outra documentación complementaria ou adicional que precise.

A listaxe de admisión no servizo será publicada na páxina web do Concello de Outes.

As familias poderán facer uso deste servizo de conciliación de forma fixa ou ocasional (días soltos) en función das súas necesidades, permitindo a entrada e saída flexible.

Para un bo desenvolvemento das actividades diarias programadas, recoméndase que en caso de que non se faga uso do horario completo, **a incorporación** ao servizo sexa **sobre as 10:00 h e a saída a partir das 13:30 h**. As nenas e nenos terán opción de almorzar e xantar no servizo, para iso é preciso comunicalo previamente e achegar os alimentos en termos ou neveiras.

O prezo público de “Tempo de Nadal” figura establecido na ordenanza reguladora correspondente e ascende a **30 € mensuais**, podendo ser utilizado por un importe de **6 € por día e servizo**.

Exención e bonificación:

Segundo as circunstancias da unidade familiar aplicaranse os seguintes descontos:

1.-Exención

A emisión dun Informe Social do departamento de Servizos Sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para aboar o custo conlevará a exención da cota.

2.- Bonificación

Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns/irmás de xeito simultáneo, o segundo irmán/irmá e sucesivos terán un desconto do 50%.

Esta bonificación non se aplicará cando fagan uso do servizo en días soltos.

Máis información no CIM de Outes, en horario laboral de 9:00 a 14:00 horas, número de teléfono 981850949.